

VOCABULARIO ABAU

BLOQUE I SÉCULOS XVI E XVII

Converso. Persoa que acepta unha crenza relixiosa ou ideoloxía diferente á que profesaba anteriormente. Na España dos **séculos XVI e XVII** aplicábase especialmente aos musulmáns e xudeus que se convertían ao cristianismo, ben por convicción, pero sobre todo para evitar persecucións. O aumento do número de conversos agravou o odio popular contra estes novos cristiáns, acusados de converterse falsamente e manter en segredo a súa fe (eran os chamados **xudaizantes** e os **mouriscos**). Moitos deles foron perseguidos por este motivo polo **tribunal da Inquisición**.

Definición do termo **Converso** (ata 0,5)

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
Suspenso (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica -Persoa que acepta unha crenza relixiosa diferente (especialmente o cristianismo) á que profesaba anteriormente Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) -Moitas das conversións ao cristianismo non foron por convicción senón para evitar persecucións. -Moitos conversos seguiron practicando os seus cultos en segredo -O incremento do número de conversos aumentou o odio popular contra eles. Redacción: correcta.
Sobresaliente (0,45-0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable) -Aplicase esencialmente aos musulmáns e xudeus que se converteron ao cristianismo nos séculos XVI e XVII. -Moitos destes novos cristiáns foron vítima do tribunal da Inquisición. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado Capacidade de síntese: a resposta non sobrepasa a extensión recomendada

Grande Armada. Gran flota formada por **Felipe II** en **1588** para desembarcar en **Inglaterra** e destronar á raiña protestante **Sabela I**, pola da súa política anticatólica, o seu apoio ao corsarismo e aos rebeldes flamencos. O seu xefe supremo foi o **duque de Media Sidonia**. A Grande Armada partiu do porto de **Lisboa**, e tras recalar na **Coruña**, arribou ao **Canal da Mancha** onde debía encontrarse e embarcar aos **Terzos de Flandres** para despois invadir **Inglaterra**. Os ataques ingleses e fundamentalmente os temporais obrigaron ás naves a dar a volta rodeando as illas **Británicas**. Nesa traxectoria moitos dos barcos naufragaron. Dos **130 navíos** que partiron regresaron **66** e dos **25.000 homes** unicamente uns **10.000** puideron salvarse. Tras a derrota, os ingleses denominárona sarcasticamente como a *armada invencible*.

Definición do termo Gran Armada

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
Suspenso (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Gran frota organizada polo rei Felipe II para invadir Inglaterra. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) -O ataque fracasou e os ingleses descualificaron a frota denominándoa sarcasticamente “armada invencible”. -A Gran Armada organizouse debido á política anticatólica, o apoio ao corsarismo e aos rebeldes flamengos da raíña Isabel I. -A decisión de retornar a España dando a volta polas illas británicas fixo que unha parte importante da armada fose desfeita polos temporais. Redacción: correcta

Sobresaliente (0,45-0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable). -Estaba integrada por uns 130 navíos que partiron de Lisboa para arribar á canle da Mancha onde embarcarían os Terzos de Flandres. -Estivo comandada por Alonso Pérez de Guzmán, duque de Medina Sidonia. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.
------------------------------------	---

Mourisco. Poboación musulmá dos reinos hispánicos que se converteu ao cristianismo para permanecer no país. A conversión forzosa significou a fin oficial da poboación musulmá en **España**, pero moitos deles continuaron mantendo a súa lingua, vestimentas e costumes, especialmente os que vivían no territorio do reconquistado **reino de Granada**. A minoría mourisca era rexeitada pola poboación, que consideraba falsa a súa conversión ao cristianismo e, por iso, era catalogada como posible aliada dos piratas berberiscos e turcos. Os **mouriscos das Alpuxarras granadinas** subleváronse en **1568** contra o trato discriminatorio que recibían e, tras unha guerra atroz, foron expulsados de Granada en **1570**. En **1609 Filipe III** ordenou a copleta expulsión dos mouriscos dos seus reinos, con graves consecuencias para **Aragón** e **Valencia** onde se despoboaron numerosas comarcas nas que o traballo desta poboación era fundamental na artesanía e na agricultura.

Terzos. Unidade militar de infantaría, formada por soldados profesionais, voluntarios o de recrutamento, creada por **Carlos I** no século **XVI**, aínda que a súa organización xa fora perfilada polos **Reis Católicos**. A unidade estaba organizada en tres seccións combinando as armas brancas (picas, espadas) e as de fogo (arcabuces, mosquetes). Supuxeron un avance fundamental no proceso de modernización dos exércitos europeos da época. Consagraron o predominio da infantaría fronte á cabaleiría, dominante na guerra medieval. Estaban distribuídos polos distintos reinos e provincias da Monarquía Hispánica. Os primeiros organizáronse no exército español en Italia, chamándose “**terzos vellos**”. Os terzos que máis destacaron pola súa eficacia e fama foron os **Terzos de Flandres**.

Definición do termo **Terzos** (ata 0,5)

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
Suspenso (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica -Unidade militar de infantaría creada por Carlos I no século XVI Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións

(0,35-0,4)	adicionais (ademais do esixido para o aprobado) -Poden considerarse os primeiros exércitos profesionais, estando formados por soldados voluntarios e de recrutamento -Estaban asentados fundamentalmente nas posesións españolas en Europa -Destacaba pola súa eficacia e fama os Terzos de Flandres -A súa organización xa fora perfilada polos Reis Católicos Redacción: correcta.
Sobresaliente (0,45-0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable) -A unidade estaba organizada en tres seccións, combinando o uso de armas brancas (picas, espadas) coas de fogo (arcabuces, mosquetes) -Supuxeron un avance fundamental no proceso de modernización dos exércitos europeos da época, -Os terzos consagraron o predominio da infantaría fronte á cabaleiría dominante na guerra medieval -Os primeiros terzos organizáronse nos exércitos españois en Italia, e por iso os terzos italianos chamáronse “terzos vellos” Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado Capacidade de síntese: a resposta non sobrepasa a extensión recomendada

Unión de Armas. Proxecto político elaborado en **1625** polo valido de **Felipe IV**, o **conde-duque de Olivares**, no que propoñía o reparto da carga militar e fiscal da defensa, que ata entón recaía principalmente sobre **Castela**, entre todos os reinos da Monarquía Hispánica, garantizando así a hexemonía dos **Austrias** españois en Europa. O novo exército permanente estaría formado por **140.000** soldados achegados polos distintos reinos en función da súa poboación e riqueza. Estas reformas inscribíanse nun plan máis amplo que pretendía unificar politicamente o imperio e crear unha estrutura centralizada do Estado, máis fácil de gobernar. O proxecto suscitou unha forte oposición dos disintos reinos, celosos das súas prerrogativas forais, e fracasou pola rebelión de **Cataluña** e **Portugal**.

Definición do termo **UNIÓN DE ARMAS** (ata 0,5 puntos)

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto
Suspenso (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Proxecto elaborado polo conde-duque de Olivares coa finalidade de crear un gran exército composto por soldados procedentes de todos os reinos que integraban a monarquía hispánica que garantise a hexemonía dos Austrias españois en Europa. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos, unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) -Olivares era o valido de Filipe IV e partidario de impulsar unha política agresiva en Europa - Mediante a Unión de Armas repartíase a carga militar e fiscal entre todos os reinos peninsulares, ademais dos Países Baixos e as posesións españolas en Italia, deixando de recaer estas tarefas exclusivamente en Castela como viña sucedendo. - O proxecto establecía a creación dun exército de reserva e tiña unha importante dimensión política, pois implicaba abolir os particularismos dos reinos que contaban con privilexios institucionais Redacción: correcta
	Coñecementos: resposta con polo menos, unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable) -O proxecto elaborouse en 1625.

Sobresaliente (0,45-0,5)	-A Unión de Armas implicaba modificar o modelo político de monarquía dos Austrias no sentido de reforzar a autoridade do rei e facilitar a progresiva integración dos diferentes territorios que a compoñían -Tivo escaso éxito en Aragón e Valencia e xerou unha forte oposición en Cataluña e Portugal, o que contribuíu a alimentar as rebelións destes territorios en 1640. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.
------------------------------------	---

Valido. Secretario real ao que o soberano outorgaba a súa confianza e a dirección do goberno do reino. En España, como noutros reinos europeos, a privanza xeneralizouse no século **XVII**, cando os monarcas abandonaron o exercicio directo do goberno. Entre os validos destacaron os **duques de Lerma** e de **Uceda** no reinado de **Filipe III**, o **conde-duque de Olivares** e **Luís de Haro** no de **Filipe IV** e **Fernando de Valenzuela** e o **conde de Oropesa** no de **Carlos II**.

Xuntas do Reino de Galicia. Institución crada no **século XVI** e que actuaba en representación do **Reino de Galicia** ante a **Coroa** no Antigo Réxime. Esta integrada polos **deputados** das cidades capitais das sete provincias galegas (Santiago, Lugo, Ourense, A Coruña, Betanzos, Mondoñedo e Tui). As súas reunións facíanse a petición do monarca para repartir a carga fiscal e as levas militares concedidas previamente polas Cortes castelás ou para a concesión de donativos propios. As reunións tamén servían para debater a situación do reino ou para facer chegar ao rei as súas peticións. Estaban presididas polo **Gobernador** e o **Capitán Xeral de Galicia**. Unha das súas principais reivindicacións foi a concesión a **Galicia** de voto nas **Cortes de Castela**, que obtiveron durante o reinado de **Filipe IV** (1623).

Definición do termo **Xuntas do Reino de Galicia (ata 0,5 puntos)**

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
Suspenso (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Institución que actuaba en representación do reino de Galicia ante a Coroa no Antigo Réxime. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado): -Estaba integrada polos deputados das cidades capitais das setes provincias galegas -As súas reunións facíanse á petición do monarca para repartir a

	carga fiscal e as levas militares concedidas previamente polas Cortes casteláns ou para a concesión de donativos propios. -As reunións tamén servían para debater a situación do reino e facer chegar ao rei as súas peticións. Redacción: correcta.
Sobresaliente (0,45-0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable): -Nas Xuntas estaban representadas as cidades de Santiago, Lugo, Ourense, A Coruña, Betanzos, Mondoñedo e Tui. -Unha das súas principais reivindicacións foi a concesión a Galicia de voto nas Cortes de Castela, que obtiveron durante o reinado de Felipe IV (1623). -Foron creadas no século XVI e estaban presididas polo Gobernador e Capitán Xeral de Galicia. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada

BLOQUE II SÉCULO XVIII

Antigo Réxime. Sistema político, económico e social que se iniciou en Europa no século **XVI** e que acadou a súa plenitude no século **XVIII**. Esta denominación foi utilizada polos revolucionarios franceses para referirse á monarquía de **Luís XVI**. Caracterizouse por unha economía de base agraria, a permanencia das estruturas feudais, a sociedade estamental baseada nos privilexios dunha minoría e a monarquía absoluta como forma de goberno. Estes trazos foron desaparecendo como consecuencia dos cambios introducidos pola **Revolución Francesa**.

Definición do termo **Antigo Réxime** (ata 0,5 puntos)

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do termo
Suspenso (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado	Coñecementos: resposta básica

(0,25-0,3)	-Sistema político e socioeconómico propio dos séculos XVI ao XVIII Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) -Denominación utilizada polos historiadores para referirse á época moderna -Basábase nunha economía de base agraria -Caracterizábase por unha sociedade de carácter estamental Redacción: correcta.
Sobresaliente (0,45-0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable) -A monarquía absoluta era a forma predominante de goberno -A denominación foi utilizada polos revolucionarios franceses para referirse á monarquía de Luís XVI -Foi o modelo político e socioeconómico que entrou en crise coa Revolución Francesa Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado Capacidade de síntese: a resposta non sobrepasa a extensión recomendada

Catastro de Ensenada. Primeiro **censo moderno** do reino de Castela (excluindo as provincias forais), sobre a poboación e as propiedades dos veciños (catastro) realizado entre 1750 e 1753. O **Secretario de Despacho** de **Fernando VI**, o **marqués da Ensenada**, pretendía reformar a facenda substituindo os impostos tradicionais por unha **contribución única** sobre o patrimonio. O seu obxectivo era a racionalización do sistema fiscal castelán, atendendo á filosofía do reformismo borbónico, mediante o control de todos os súbditos, incluso dos estamentos privilexiados. Cada individuo declaraba as súas propiedades divididas en parcelas e o contido das mesmas. Non se aplicou posto que foi rexeitado pola nobreza. Na actualidade consitúe unha fonte de gran valor para o estudo da poboación e a economía castelá da época.

Definición do termo **Catastro de Ensenada** (ata 0,5 puntos)

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto
Suspenso (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Avaliación da riqueza da Coroa de Castela feita no reinado de Fernando VI, a instancias do seu ministro, o Marqués da Ensenada Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) -O seu obxectivo era a racionalización do sistema fiscal castelán, atendendo á filosofía do reformismo borbónico -Na práctica suporía a implantación da Única Contribución, tributo pensado para substituír as rendas provinciais Redacción: correcta

Sobresaliente (0,45-0,5)	Coñecementos: resposta con al menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable) -Constitúe unha fonte de gran valor para o estudo da poboación e a economía castelá da época. -As protestas dos grupos privilexiados frustraron a aplicación do proxecto. -Tivo o seu inicio en 1749 e elaborouse durante varios anos co apoio dos intendentes. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada
------------------------------------	---

Decretos de Nova Planta. Conxunto de decretos promulgados por **Filipe V**, entre **1707** e **1716** que impoñían nos territorios da **Coroa de Aragón** (Aragón, Valencia, Mallorca e Cataluña), a organización político-administrativa de Castela, eliminando os seus privilexios forais, leis e institucións debido á súa rebelión na **Guerra de Sucesión** e ter tomado partido por **Carlos de Austria**. Permitiron a implantación dun modelo de estado centralista pois os reinos da **Coroa de Aragón** convertéronse en provincias gobernadas por un **capitán xeneral** e todo o territorio da monarquía española pasou a ter un **sistema de goberno uniforme**, coa soa excepción de **Navarra** e as **Provincias Vascas** que polo seu apoio a **Filipe V** puideron conservar os seus foros.

Definición do termo **Decretos de Nova Planta** (ata 0,5 puntos)

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto.
Suspenso (0,15-0,2)	Resposta confusa ou incompleta.
Aprobado (0,25-0,3)	Resposta básica: -conxunto de decretos promulgados por Felipe V. -decretos datados na primeira década do século XVIII. -aboliron os privilexios e institucións da Coroa de Aragón.
Notable (0,35-0,4)	Resposta con algunha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado, criterio que se mantén en todas as rúbricas): -decretos promulgados a raíz da Guerra de Sucesión (1702-1714). -supuxeron a imposición da organización político-administrativa e as leis de Castela e o uso do castelán como lingua administrativa. -xustificáronse polo apoio de Aragón, Valencia, Mallorca e Cataluña ó pretendente Carlos de Austria. -supuxeron un avance cara a unha centralización política. Redacción: correcta.
Sobresaliente (0,45-0,5)	Resposta con precisións a maiores, ben exposta e axustada: -foron promulgados entre 1707 e 1716. -Navarra e as Provincias Vascas conservaron os seus foros pola súa fidelidade a Felipe V. Redacción: correcta e ben exposta.

Despotismo Ilustrado. Variante política do absolutismo monárquico que se estendeu por Europa a mediados do século **XVIII**. Os monarcas pretendían reformar e racionalizar a administración, a economía do país e o desenvolvemento educativo e cultural do pobo pero sen alterar as bases sociais (sociedade estamental) e políticas (absolutismo) do **Antigo Réxime**. Pretende facer unha **síntese** entre o absolutismo e as novas ideas da Ilustración. O seu lema foi: *“todo para o pobo, pero sen o pobo”*. En **España** o mellor expoñente do despotismo ilustrado foi **Carlos III**, aínda que as súas reformas foron de carácter limitado. As reformas foron paralizadas polo impacto causado polo triunfo da **revolución francesa**.

Definición do termo **Despotismo Ilustrado**

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto
Suspenso (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Forma de goberno característica das monarquías absolutas europeas da segunda metade do século XVIII. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) -Mantendo os fundamentos do Antigo Réxime, aplicaba reformas baseadas nas ideas ilustradas. -Pretendía promover o benestar dos súbditos sen alterar os principios esenciais do Antigo Réxime (absolutismo político e sociedade estamental). Redacción: correcta
Sobresaliente (0,45-0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable). -Aplicou reformas sociais, económicas, educativas... baseadas nos principios de racionalización e progreso. -Carlos III foi o seu máximo expoñente en España. -As reformas foron paralizadas polo impacto causado polo triunfo da revolución francesa. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Motín de Esquilache. Revolta popular protagonizada polo pobo de **Madrid** en **1766** contra **Esquilache**, ministro de **Carlos III**. A causa foi a orde que prohibía os xogos de azar, o uso da capa longa e o sombreiro de aba ancha (xa que permitían ocultar de noite a identidade e as armas). A orixe do conflito estaba no descontento social pola suba do prezo do pan, provocada polas malas colleitas e a especulación, e a xenofobia provocada pola abundancia de ministros italianos. Esta situación foi manipulada por grupos nobiliarios e eclesiásticos contrarios ás reformas de **Carlos III**. Tivo como consecuencia a destitución de **Esquilache** e a ralentización das reformas, emprendidas agora por ministros españois.

Definición do termo **Motín de Esquilache** (ata 0,5 puntos)

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incomprensión do termo.
Suspenso	Resposta confusa ou incompleta.

(0,15-0,2)	
Aprobado (0,25-0,3)	Resposta básica: -levantamento popular que tivo lugar en Madrid durante o reinado de Carlos III. -foi froito da oposición ás medidas impulsadas polo ministro real Esquilache.
Notable (0,35-0,4)	Resposta con alguna destas aclaracións adicionais: -a orixe do conflito foi o descontento pola subida do prezo do pan provocada por malas colleitas e especulación. -desenvolveuse nun contexto de malestar popular por outras medidas reformadoras do momento. -as medidas pretendían mellorar a limpeza urbana e a iluminación da cidade. -entre as medidas figuraban algunhas prohibicións: uso de capas longas, sombreiros de ala ancha ou xogos de azar.
Sobresaliente (0,45-0,5)	Resposta con precisións a maiores, ben exposta e axustada: -tivo lugar en 1766. -a situación foi aproveitada por grupos nobiliarios e eclesiásticos contrarios á política de reformas. -a revolta tivo como consecuencia a caída de Esquilache e un xiro no programa reformista, emprendido agora por ministros españois.

Paz de Utrecht. Tratado asinado en 1713 entre as potencias europeas e que puxo fin á **Guerra de Sucesión** e que foi complementado co de **Rastatt** de 1714. Estes acordos estableceron en Europa un novo sistema de relacións internacionais baseado no equilibrio entre as grandes potencias europeas. Nos tratados **Filipe V de Borbón** foi recoñecido como rei de España (tras ter renunciado aos seus dereitos ao trono francés) a cambio de concesións a **Gran Bretaña** (**Xibraltar**, **Menorca** e privilexios comerciais con América) e cesións territoriais a **Austria** (**Flandres** e **Nápoles**) e **Saboia** que supuxeron que España perdera as súas posesións europeas.

Regalismo borbónico. Política de control e limitación do poder da igrexa levada a cabo polos Borbóns en España no século **XVIII** no marco da potenciación do absolutismo real. Afirmaba a superioridade da autoridade dos reis sobre a Igrexa do territorio sobre o que reinaban. Entre outras medidas impuxeron o **padroado rexio** ou dereito do rei en presentar ou nomear candidatos para ocupar sedes eclesiásticas vacantes e o **placet** ou dereito do rei a autorizar a publicación e divulgación dos escritos papais no propio reino. A medida regalista máis radical foi a expulsión dos xesuitas e a confiscación de todos os seus bens en 1767, durante o reinado de **Carlos III**, polo seu voto de obediencia ao Papa e baseándose na acusación de que promoveran conspiracións políticas instigando o motín de **Esquilache**.

BLOQUE III SÉCULO XIX

AFRANCESADOS. Concepto pexorativo polo que se coñece aos españois que apoiaron o reinado de **Xosé Bonaparte** como rei de España durante a **Guerra de Independencia** (1808-1814), maioritariamente de ideoloxía ilustrada e pertencentes ás élites sociopolíticas e culturais do país. Axudan na redación do **Estatuto de Baiona** e na instauración do goberno francés coa idea de que as reformas napoleónicas traerían modernidade ao país. Coa derrota de **Napoleón** moitos acaban no exilio ou represaliados dentro de España.

Definición do termo **AFRANCESADOS** (ata 0,5 puntos)

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
Suspenso (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Espaníais que apoiaban o goberno de Xosé I Bonaparte. Eran un grupo reducido, na súa maior parte pertencentes ás elites sociopolíticas e culturais do país. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos, unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) -Pensaban que o novo goberno era o único medio para lograr a renovación e o cambio en España. -A derrota e retirada dos exércitos franceses levou a moitos deles a exiliarse cara a Francia. Redacción: correcta
Sobresaliente (0,45-0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos, unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable) -O termo foi utilizado despectivamente polos “patriotas” para resaltar a súa condición como colaboracionistas cos invasores. -Algúns pasaron do apoio inicial ao monarca francés a un progresivo abandono por medo ás represalias populares ou polos estragos causados polas tropas francesas. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

ABDICACIÓNS DE BAIONA. Nome polo que se coñecen as renuncias sucesivas que tiveron lugar o 5 de maio de 1808 dos reis **Carlos IV** e do seu fillo **Fernando VII** ao trono de España en favor de **Napoleón Bonaparte** na cidade francesa de **Baiona**. **Napoleón** interveu coa escusa de mediar nas disputas da familia real española tras os sucesos do **motín de Aranjuez**. Fernando foi obrigado a ceder a coroa ao seu pai quen, á súa vez, cedeu os seus dereitos a **Napoleón**. A cambio, foron recompensados con cuantiosas posesións, rendas e privilexios en Francia. O emperador francés, pouco despois, cederá tales dereitos ao seu irmán **Xosé Bonaparte**, que reinará como **Xosé I**. Este acontecemento será unha das causas da Guerra da Independencia española (1808-1813).

Definición do termo **Abdicacións de Baiona** (ata 0,5 puntos)

Deficiente (entre 0 e 0,14)	Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto
Insuficiente (entre 0,15-0,24)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (entre 0,25 e 0,34)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Renuncias sucesivas de Carlos IV e do seu fillo Fernando VII ao trono de España en favor de Napoleón Bonaparte, Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (entre 0,35 e 0,44)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) -Napoleón interveu coa escusa de mediar nas disputas entre a familia real española. -Fernando foi obrigado a devolver a coroa ao seu pai quen, á súa vez, cedeu os seus dereitos a Napoleón. -A cambio foron recompensados con cuantiosas posesións, rendas e privilexios en Francia. -Tiveron lugar en 1808.

	Redacción: correcta
Sobresaliente (entre 0,45 e 0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable) -Napoleón nomeou ao seu irmán Xosé como rei de España -Este acontecemento foi unha das causas da Guerra de Independencia española (1808-1813). -As abdicacións evidenciaron o verdadeiro obxectivo de Napoleón: conseguir o baleiro de poder en España. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada

TRATADO DE VALENÇAY. Tratado de paz asinado nesta cidade francesa entre **Napoleón** e **Fernando VII** e que puxo fin á guerra de Independencia (1808-1813). Produciuse como consecuencia das derrotas e o deterioro progresivo do exército francés. Tanto as tropas francesas como británicas debían abandonar España pois **Napoleón** buscaba que España se desvinculase de **Inglaterra** e non se sumase á guerra en territorio francés. **Napoleón** recoñecía a **Fernando VII** como rei absoluto de España e as Indias. Ambos países comprometíanse a devolver as prazas e os territorios ocupados durante o conflito. Finalmente este tratado non entrou en vigo porque non foi recoñecido nen pola Rexencia nen polas Cortes.

Definición do termo **Tratado de Valençay** (ata 0,5 puntos)

Deficiente (entre 0 e 0,14)	Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto
Insuficiente (entre 0,15-0,24)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas
Aprobado (entre 0,25 e 0,34)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Acordo de paz asinado nesta cidade francesa que pon fin á guerra da Independencia (1808-1813). Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (entre 0,35 e 0,44)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) -Napoleón recoñecía a Fernando VII como rei de España e as Indias. -Ao seu regreso Fernando VII restableceu o absolutismo. Redacción: correcta.
Sobresaliente (entre 0,45 e 0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable) -Ambos países comprometíanse a devolver as prazas e terras ocupadas durante o conflito. -Fernando VII comprometíase a respectar os dereitos dos afrancesados pero non o cumpriu. -Este tratado non entrou en vigor porque non foi recoñecido nin pola

	Rexencia nin polas Cortes. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.
--	---

MANIFESTO DOS PERSAS. Documento subscrito en **1814** por **69 deputados** de tendencia absolutista participantes nas **Cortes de Cádiz** no que se solicitaba a **Fernando VII**, tras o seu retorno do exilio en **Francia**, a abolición dos decretos promulgados polas **Cortes de Cádiz** e a **Constitución de 1812**, así como a restauración do **Antigo Réxime**. O documento recibiu o seu nome por unha referencia que se contén, ao principio do mesmo, sobre os costumes que había en **Persia** no momento do cambio dinástico. O manifesto serviu de apoio a **Fernando VII** para restaurar o poder absoluto do monarca e abolir toda a lexislación das **Cortes de Cádiz**.

Definición do termo **Manifesto dos Persas**

Suspenso	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
-----------------	---

(0-0,1)	
Suspenso (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Documento subscrito por deputados partidarios do Antigo Réxime no que solicitaban ao rei a abolición da Constitución de 1812 e o restablecemento do absolutismo. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) -O nome provén do seu encabezamento “é costume dos persas...”. -Os asinantes comparan a situación vivida durante o exilio de Fernando VII coa anarquía e reclaman a necesidade de restaurar a orde. -Foi entregado ao rei en 1814 ao seu regreso a España logo da derrota francesa. Redacción: correcta
Sobresaliente (0,45-0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable). -Está asinado por 69 deputados servís das Cortes de Cádiz e piden a nulidade dos seus decretos e reformas por iren en contra das leis tradicionais. -O documento serviu de base ao rei para decretar o restablecemento do absolutismo (Sexenio Absolutista 1814-1820) Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

PRAGMÁTICA SANCIÓN. Disposición promulgada por **Fernando VII** que anulaba a coñecida como **Lei Sálica**, aprobada por **Filipe V**, que impedía acceder ao trono ás mulleres. Esta medida supuxo a exclusión do irmán do rei, o infante **Carlos de Borbón**, do trono de España, e converteu a filla de **Fernando VII**, a futura **Isabel II**, en herdeira, o que dará lugar á primeira **Guerra Carlista**.

PRONUNCIAMIENTO. Levantamento militar característico da España do século XIX. Un sector do exército, apoiado por parte da sociedade, alzábase contra o goberno vixente para impoñer un cambio de tendencia política. Ten lugar a partir da instauración do réxime liberal en España, sendo o primeiro en vencer o levado a cabo por **Riego** en **Cabezas de San Juan**, que instaurou o **Trienio Liberal** durante o reinado absolutista de **Fernando VII**. Durante o reinado de **Isabel II** haberá dúas tendencias, os pronunciamentos de carácter liberal progresista e os de carácter liberal conservador.

Definición do termo **Pronunciamento**

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
Suspenso (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: - Termo aplicado durante o século XIX para designar un golpe de Estado ou alzamento militar que tiña por obxectivo derrubar un Goberno. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) - Foron moi numerosos e decisivos na evolución do sistema político liberal español - Faise referencia explícita a algún dos numerosos pronunciamentos do s. XIX

	Redacción: correcta
Sobresaliente (0,45-0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable). - Houbo pronunciamentos de distinto signo político: liberais contra gobernos absolutistas, progresistas contra gobernos moderados e viceversa. - Faise referencia explícita a algún dos pronunciamentos do s.XIX indicando o seu signo política (por exemplo o pronunciamento liberal de Riego contra o réxime absolutista de Fernando VII, os pronunciamentos dos Sarxentos da Granxa, a Vicalvarada ou a Gloriosa, os pronunciamentos moderados de Narváez contra Espartero, de Martínez Campos en 1874...) - A inxerencia do exército na vida política foi un elemento que causou gran inestabilidade na construción do Estado liberal en España. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

ESTATUTO REAL. Carta outorgada redactada na primeira etapa de **Isabel II**, durante a Rexencia da súa nai, **María Cristina de Borbón**. Esta, apoiándose nos **liberais doutrinarios**, será quen governe entre 1833 e 1840. Baixo o proxecto de **Martínez de la Rosa** redactarásese este **Estatuto Real**, onde a Coroa terá o poder executivo e o poder lexislativo estaría compartido coas **Cortes** (Cámara de Príncipes e Procuradores). O sufraxio era **censatario** e moi restrinxido e non constaba dunha declaración de dereitos e liberdades. Este estatuto será derogado e substituído pola **constitución de 1837**, cando os **liberais progresistas** cheguen ao poder.

Definición do termo **Estatuto Real** (ata 0,5 puntos)

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
Suspenso (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica -Carta outorgada por María Cristina de Borbón -Datada na terceira década do século XIX, durante a rexencia provocada pola minoría de idade de Sabela II -Tratábase, en realidade, dunha convocatoria a Cortes Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) -Datada na época da rexencia (1833-1840) -Impuxo un réxime no que o rei mantiña importantes cotas de poder -Foi redactado a instancias de Martínez de la Rosa, liberal de signo moi moderado Redacción: correcta.
Sobresaliente (0,45-0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable) -Promulgouse en 1834 e estivo en vigor ata 1836 -O seu carácter conservador provocou o rexeitamento da maior parte dos

	liberais -Non satisfizo os absolutistas, que seguiron apoiando o carlismo Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado Capacidade de síntese: a resposta non sobrepasa a extensión recomendada
--	--

SUFRAXIO CENSATARIO. Sistema de dereito ao voto onde se restrinxía ese dereito, dotándoo só a parte da poboación, tendo en conta a súa inscrición no censo electoral. O censo, dependendo da lexislación, incluía numerosas restriccións: o sexo, sendo só o masculino o permitido; o teu nivel de instrución (saber ler e escribir); sociais (pertencer a algún grupo social) e restricións de renda. Este tipo de sufraxio era defendido pola corrente **doutrinaria** ou **conservadora** do liberalismo. Verémolo en maior ou menor medida no **Estatuto Real de 1834**, a **Constitución de 1837**, a **Constitución de 1845**, durante o reinado de **Isabel II**. Durante o **Sexenio Revolucionario** será implantado o sufraxio universal ata a Restauración Borbónica.

SUFRAXIO UNIVERSAL. Sistema de dereito ao voto que inclúe a toda a poboación maior de idade. Non obstante, ata despois da **Primeira Guerra Mundial** non empezará a incluírse o dereito de sufraxio feminino. O sufraxio universal masculino será defendido polo sector do liberalismo máis progresista e democrático, poñendo en vigor durante o **Sexenio Revolucionario** (1868-74). Coa **II República** (1931-1936) darase o dereito ao voto tamén ás mulleres por primeira vez na nosa historia.

UNIÓN LIBERAL. Partido político creado en 1854 por **Leopoldo O'Donnell**, durante o Bienio Progresista (1854-56) e que conseguirá estar no poder en distintos momentos durante as últimas décadas do reinado de **Isabel II**. Creouse como un partido comodín entre liberais doutrinarios e progresistas para intentar evitar os continuos pronunciamentos. A súa ideoloxía defendía a monarquía como forma de goberno, cunha soberanía compartida, política centralista do goberno.

CANTONALISMO. Ideoloxía política de carácter **republicano federal** que tivo lugar entre 1873-1874, durante a **I República española**, principalmente en **Cartaxena** e noutras cidades do **Levante** e **Andalucía**. Defendía a creación dun Estado composto por unidades políticas territoriais soberanas (cantóns) que, mediante acordos libres, se unirían formando a Federación española. Durante a **I República**, os seus partidarios protagonizaron **insurreccións** cantonalistas, que foron sufocadas polo exército.

Definición do termo **CANTONALISMO** (ata 0,5 puntos)

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto
----------------------------	--

4

Suspenso (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: - Insurrección que tivo lugar durante a Primeira República - O seu obxectivo era implantar unha república federal. - O proceso debía facerse “desde abaixo”, mediante a proclamación da soberanía das unidades territoriais inferiores, os cantóns. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos, unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) - Os focos de insurrección cantonalista xurdiron en Levante (Cartaxena) e Andalucía - O movemento desenvolveuse durante o goberno de Pi i Margall, republicano federal moderado. - Este movemento provocou a división dos republicanos federais en cantonalistas e moderados ou transixentes, partidarios da reorganización do Estado mediante unhas Cortes constituíntes. Redacción: correcta
Sobresaliente (0,45-0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos, unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable) - O movemento tivo lugar entre 1873 e 1874 - O fracaso da política de Pi i Margall provoca a caída do seu goberno e a represión da rebelión polo exército. - Os cantonalistas tamén defendían outras reformas, como a supresión de consumos e quintas ou o reparto da terra. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

MANIFIESTO DE SANDHURST. Documento de carácter político redactado en **1874** polo político conservador **Antonio Cánovas del Castillo**, e asinado polo herdeiro de **Isabel II, Alfonso de Borbón**, na **Academia militar de Sanhurst**, onde este estudaba. No manifesto indicábase a necesidade de restaurar a monarquía borbónica en España, que nese momento atopábase durante un réxime republicano (**I República**). Nel, **Alfonso de Borbón**, defendía a monarquía parlamentaria, un sistema liberal constitucional conservador e a relixión católica. Días despois de asinar este manifesto, o xeneral **Martínez Campos** protagoniza un pronunciamento en **Sagunto** en contra a República e proclamando como rei a **Alfonso**. Será o inicio da Restauración Borbónica.

Definición do termo **Manifiesto de Sandhurst** (ata 0,5 puntos)

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incomprensión do termo.
Suspenso (0,15-0,2)	Resposta confusa ou incompleta.
Aprobado (0,25-0,3)	Resposta básica: -documento asinado por D. Afonso de Borbón, o futuro Afonso XII, expoñendo as ideas básicas do réxime político da Restauración
Notable (0,35-0,4)	Resposta con algunha destas aclaracións adicionais: -texto redactado por Antonio Cánovas del Castillo -garantía o funcionamento do sistema político liberal -manifesto datado en 1874 -asinado na academia militar inglesa de Sandhurst, un dos centros onde se formou durante o seu exilio Redacción: correcta.
Sobresaliente (0,45-0,5)	Resposta con algunhas precisións a maiores, ben expostas e axustadas: -manifesto de carácter conservador e católico, a orde social -manifesto datado en decembro de 1874 -tras a súa publicación produciuse o levantamento do xeral Martínez Campos e a proclamación de Afonso XII como novo rei -Redacción: correcta e ben exposta.

CACIQUISMO. Práctica política que se levaba a cabo en España fundamentalmente durante o período da Restauración Borbónica (1874-1902), a partir de 1875; axudaba ao fraude electoral que se producía nese momento para facilitar o sistema de quenda do bipartidismo instaurado por Cánovas durante o reinado de **Alfonso XII**. Os “caciques” eran aquelas persoas que nas zonas rurais tiñan o poder, tanto político, económico ou militar (alcaldes, terratenentes, notarios...), e que podían “persuadir” aos electores a quen debían votar. Os Gobernadores xerais informaban aos caciques quen debía gañar as eleccións e eles, para obter eses resultados desexados, empregaban métodos como as ameazas, a violencia, os favores, ou simplemente o amaño dos resultados (“pucheirazo”). Foi un sistema que imperou tamén durante o reinado de **Alfonso XIII**.

Definición do termo **Caciquismo** (ata 0,5 puntos)

Deficiente (entre 0 e 0,14)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto.
Insuficiente (entre 0,15-0,24)	Cñecementos: resposta confusa ou incompleta. Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.
Aprobado (entre 0,25 e 0,34)	Cñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Prácticas levadas a cabo polos caciques que controlaban as eleccións, para garantir a quenda de partidos durante a Restauración borbónica iniciada en 1875. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (entre 0,35 e 0,44)	Cñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado). -Baseábase na existencia de personalidades influentes a nivel local que controlaban unha circunscrición electoral. -Os caciques actuaban mediante o uso da forza, a coacción e a venda de favores. -Os caciques valíanse do seu poder económico, status e influencias -O caciquismo tiña máis forza nas zonas rurais Redacción: correcta
Sobresaliente (entre 0,45 e 0,5)	Cñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable): -Eran os caciques e non os electores quen decidían o resultado das eleccións. -Os chanzos máis importantes nas relacións clientelares de poder eran: a oligarquía madrileña, os Gobernadores Cívís e os caciques. -Cos “favores” caciquís agradecían a fidelidade electoral. -Todas estas prácticas explican a apatía electoral durante o período da Restauración. -Lema dos caciques: “para os inimigos a lei, para os amigos o favor”. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

ENCASILLADO OU ENCADRAMENTO. Mecanismo de **fraude electoral** característico da Restauración Borbónica (1874-1902) que consistía nun proceso polo que o ministro da Gobernación elaboraba a lista de candidatos que debían ser escollidos en cada distrito electoral, colocando nas cuadrículas correspondentes os nomes dos candidatos ministerais e da oposición. A lista era pactada polos dous partidos monárquicos que se alternaban no poder a través do sistema de quenda. A “orde” de quen debía ser elixido trasladábase aos gobernadores civís e estes, á súa vez, trasladábana aos caciques para así “asegurar” o resultado.

Definición do termo Encasillado/ Encaixado/Encadramento

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto
Suspenso (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Mecanismo de fraude electoral característico da Restauración borbónica para manter a quenda de partidos ou <i>turnismo</i> . Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple

PUCHEIRAZO. Práctica que consiste na manipulación dos resultados electorais, cambiando ou amañando as cifras dos votos para gañar as eleccións. Consistía na substitución da urna electoral (“pucheiro”) cos votos xa emitidos por outros favorables ao candidato desexado. Foi un dos métodos de fraude electoral empregados durante a Restauración Borbónica (1874-1902), a partir de 1875, para favorecer o sistema de quenda imperante nese período, acompañado de outros métodos como o “encasillamento” e o caciquismo.

Definición do termo *Pucherazo* (ata 0,5 puntos)

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do termo.
Suspenso (0,15-0,2)	Resposta confusa ou incompleta.
Aprobado (0,25-0,3)	Resposta básica: -manipulación dos resultados electorais. -o procedemento consistía na substitución masiva dos votos emitidos nunha urna en beneficio dun candidato concreto.
Notable (0,35-0,4)	Resposta con algunha destas aclaracións adicionais: -o sistema desenvolveuse en paralelo o réxime de quenda. -hai que relacionala coa coacción empregada polos caciques para conseguir os resultados electorais desexados. -foi unha operación frecuente no período da Restauración. Redacción: correcta.
Sobresaliente (0,45-0,5)	Resposta con precisións a maiores, ben exposta e axustada: -foi un procedemento desenvolvido a partir de 1875. -con esta práctica conseguían situar ó encaixado no Parlamento. Redacción: correcta e ben exposta.

REXENERACIONISMO. Corrente intelectual, política e literaria de finais do s. XIX e principios do XX que criticaba os problemas imperantes no período da Restauración. Para solucionarlos propoñía unha serie de reformas que renovar e modernizaran a vida política e económica do país. Xurdiu a partir do “Desastre do ’98” e o seu principal representante foi **Joaquín Costa** que defendía acabar co caciquismo, reducir a pobreza e fomentar a educación. Na súa vertente cultural favorecerá a aparición da “Xeración do 98”, e na vertente política, as reformas que intentaron levar a cabo figuras como Maura e Canalejas.

SISTEMA DE QUENDA. Sistema de alternancia pacífica no poder polos dous partidos maioritarios durante a Restauración Borbónica (1874-1902). Baseábase na quenda do Partido Liberal (**Sagasta**) e Partido Conservador (**Cánovas**) de xeito pactado e pacífico. O obxectivo era evitar a inestabilidade política característica do Reinado de **Isabel II**, e para conseguilo debían amañarse os resultados electorais, servíndose do sistema de “encasillamento”, o caciquismo e do “pucheirazo”. A consolidación deste sistema quedou de manifesto no Pacto do Pardo despois da morte do rei **Alfonso XII** en 1885.

Definición do termo **Sistema de quenda** (ata 0,5 puntos)

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
Suspenso (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Elemento fundamental do sistema político da Restauración baseado na alternancia pacífica no poder dos dous partidos dinásticos, o conservador e o liberal. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado):

DESAMORTIZACIÓN. Proceso legal de carácter liberal levado a cabo no reinado de **Isabel II** (1833-68), fundamentalmente nos períodos progresistas, que supuxo a expropiación de bens pertencentes a “mans mortas” (Igrexa e aos municipios), para ser vendidas en subasta pública. Destacan as realizadas polo Ministro **Mendizábal** a partir de **1836**, expropiando os bens da Igrexa (**clero regular**), continuada por **Espartero** (**clero secular**), e a realizada polo Ministro **Madoz** durante o Bienio Progresista, ampliando ás terras dos Concellos. Entre os seus **obxectivos** estaban reformar a estrutura da propiedade da terra, obter recursos para a Facenda e ampliar a base de apoio á causa liberal.

Definición do termo **Desamortización (ata 0,5 puntos)**

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto
Suspenso (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Conxunto de leis que modificaron o réxime de propiedade permitindo a apropiación e venda por parte do Estado de propiedades daquelas institucións que tiñan prohibida a venda dos seus bens raíces. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado): -Está ligada aos cambios que proveñen da implantación do sistema liberal en España. -Supuxo unha gran alteración da estrutura da propiedade do Antigo Réxime. -A venda das propiedades facíase en réxime de poxa pública. Redacción: correcta
Sobresaliente (0,45-0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable): -As principais operacións fixéronse a instancias de Mendizábal (1835), Espartero (1840) e Madoz (1855). -As principais operacións coinciden con momentos nos que os progresistas acceden ao poder. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado.

	Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.
--	--

LUDISMO. Un dos primeiros movementos de protesta protagonizados polo proletariado. Naceu en **Inglaterra** durante a **Revolución Industrial**, encabezadas por **Ned Ludd**, culpabilizando aos problemas obreiros ás máquinas. Deste xeito as protestas caracterizábanse pola destrución das máquinas e o incendio de fábricas. En **España** comezan en torno á **década dos 30 do s. XIX**, fundamentalmente na industrializada **Cataluña**. Destaca o incendio da fábrica **Bonaplata** en Barcelona (**1835**). En **Galicia**, destacan as protestas das **cigarreiras da Coruña**, que levaron a destrución da maquinaria da fábrica en **1857**.

Definición do termo **Ludismo** (ata 0,5 puntos)

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
Suspenso (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Destrución de máquinas e/ou incendio de fábricas por parte dos obreiros industriais pola perda de postos de traballo que supuñan. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado): -Foi unha das consecuencias do proceso de mecanización impulsado pola revolución industrial. -Foi unha das primeiras formas de expresión do malestar obreiro, que décadas máis tarde transformárase no movemento sindical. Redacción: correcta
Sobresaliente (0,45-0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable): -Concéntrase esencialmente nas fábricas da industria téxtil -Xorde en Gran Bretaña a principios do século XIX. -Facer algunha referencia ás accións luditas en España. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.